

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 12 de xuño de 2007**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

Dª. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
Dª. Lucia Molares Pérez  
Dª. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
Dª. Marta Iglesias Bueno

**NON ASISTEN:**

D. José Manuel Couto Pérez  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cinco minutos do día doce de xuño de dous mil sete e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1028).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1029).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, CAIXANOVA, DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO, PARA A ORGANIZACIÓN DUN FESTIVAL DE OPERA NA CIDADE DE VIGO EN 2007. EXPTE. 4232/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 5.06.07, o informe de fiscalización do 8.06.07, e de acordo co informe-proposta do técnico de Protocolo e Relaciones Públicas, do 23.05.07, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Aprobación do texto do convenio para a celebración da temporada de Opera de Vigo, en colaboración coas entidades Asociación de Amigos de la Opera, Excma. Deputación Provincial e Caixanova.
- 2º.- Aprobar o gasto de 100.000 euros con destino á temporada de Opera, a prol de “Caixanova” (C.I.F. G-36600369), con cargo á partida 1110.489.00.04 e bolsa de vinculación, pagadero contra presentación do oportuno informe de realización do programa, certificado polo técnico do Concello.

“Vigo, a            de            de dos mil siete.

REUNIDOS

De una parte D. Roberto Relova Quinteiro, actuando en nombre y representación de la Asociación Amigos de la Ópera de Vigo, de la que es Presidente.

De otra parte el Ilmo. Sr. D. Rafael Louzán Abal, actuando en nombre y representación de la Excma. Diputación Provincial de Pontevedra, de la que es Presidente.

De otra parte la Excma. Sra. Dña. Corina Porro Martínez, actuando en nombre y representación del Excmo. Ayuntamiento de Vigo, del que es Alcaldesa.

Y de otra, D. Julio Fernández Gayoso, actuando en nombre y representación de Caixanova, de la que es Presidente.

Todas las partes se reconocen representación y poder bastante para otorgar este acto y

EXPONEN

I) Que las cuatro entidades tienen una especial sensibilidad por el desarrollo de actividades de tipo social, educativo, cultural, etc.

II) Que entre sus objetivos primordiales se encuentra el desarrollo cultural de los habitantes de Vigo y, por esto, acuerdan establecer un convenio de colaboración para divulgar el conocimiento del mundo de la lírica, a través de la organización de actividades como óperas, recitales, conferencias, jornadas divulgativas u otras acciones que tengan relación con el ámbito operístico.

III) Por este interés común de las cuatro instituciones acuerdan establecer un convenio de colaboración cultural de acuerdo a las siguientes

CLÁUSULAS

PRIMERA.- El presente convenio tiene por objeto la celebración de una Temporada de Ópera en la ciudad de Vigo entre los meses de marzo y junio de 2007.

SEGUNDA.- La Temporada de Ópera de Vigo estará compuesta de las actividades que se detallan a continuación:

TEMPORADA DE ÓPERA DE VIGO

FECHAS	INTÉPRETE	LUGAR
MARZO, 29	Conferencia “LA TRAVIATA, EL COMPOSITOR Y SU TIEMPO”	EL SALA DE CONFERENCIAS DEL CENTRO CULTURAL CAIXANOVA
MARZO, 30	LA TRAVIATA de Verdi	TEATRO-SALA DE CONCIERTOS DEL CENTRO CULTURAL CAIXANOVA
ABRIL, 24	RITA de Donizetti	CONSERVATORIO DE MÚSICA DE VIGO

FECHAS	INTÉRPRETE	LUGAR
MAYO, 4	VIOLETA URMANA	TEATRO-SALA DE CONCIERTOS DEL CENTRO CULTURAL CAIXANOVA
MAYO, 14	Conferencia “DON GIOVANNI, EL DRAMA DEL CREPÚSCULO DE LOS DIOSES”	SALA DE CONFERENCIAS DEL CENTRO CULTURAL CAIXANOVA
MAYO, 15	DON GIOVANNI de Mozart	TEATRO-SALA DE CONCIERTOS DEL CENTRO CULTURAL CAIXANOVA

**CONFERENCIAS**  
**CICLO “LA ÓPERA Y EL MAR”**  
**(SALA DE CONFERENCIAS DEL CENTRO CULTURAL CAIXANOVA)**

FECHAS	CONFERENCIANTE	TÍTULO
MARZO, 26	DARÍO COMESAÑA	“WAGNER Y EL MAR: EL HOLANDÉS ERRANTE”
ABRIL, 20	ÁLVARO ZALDÍVAR	“EL MAR EN BENJAMÍN BRITTEN”
ABRIL, 27	JOSÉ LUIS TÉLLEZ	“MADAMA BUTTERFLY: PUCCINI Y EL MAR COMO ESPERANZA”
MAYO, 8	ROGER ALIER	“BUCANEROS EN EL BEL CANTO: EL PIRATA, DE BELLINI”
MAYO, 18	LUIS SUÑÉN	“VENECIA Y LA ÓPERA”
MAYO, 28	FRANCISCO GARCÍA ROSADO	“SIMÓN BOCALEGRA, DE VERDI”
JUNIO, 8	JUAN ÁNGEL VELA DEL CAMPO	“EL MAR COMO REFLEJO DE FANTASÍAS OPERÍSTICAS”

**TERCERA.-** Esta programación podrá estar sujeta a cambios o modificaciones.

**CUARTA.-** Caixanova gestionará con el asesoramiento de la Asociación Amigos de la Ópera de Vigo la contratación de las actividades recogidas en la cláusula segunda.

*QUINTA.- Caixanova se encargará de la confección del programa general, folletos de cada actividad y del diseño del plan de comunicación de esta Temporada de Ópera de Vigo.*

*SEXTA.- Caixanova se hará cargo de todas las contrataciones de las actividades recogidas en la cláusula segunda, y de los gastos de confección de programas, publicidad, etc., que se detallan en la cláusula quinta. El presupuesto aproximado de esta Temporada de Ópera es de 450.000,00 euros (EUROS CUATROCIENTOS CINCUENTA MIL,-).*

*SÉPTIMA.- Caixanova pondrá a disposición de esta Temporada de Ópera en Vigo el Centro Cultural Caixanova para la celebración de las actividades que se detallan en la cláusula segunda, con personal de sala, personal técnico y de carga y descarga.*

*OCTAVA.- El Ayuntamiento de Vigo aportará la cantidad de 100.000,00 euros (EUROS CIEN MIL EUROS,-), para la organización de esta Temporada de Ópera de Vigo.*

*NOVENA.- La Diputación Provincial de Pontevedra aportará la cantidad de 50.000,00 euros (EUROS CINCUENTA MIL EUROS,-), para la organización de esta Temporada de Ópera de Vigo.*

*DÉCIMA.- Esta Temporada de Ópera de Vigo está abierta al posible patrocinio de otras empresas y entidades, que se acordarán de común acuerdo entre las partes que firman el presente convenio.*

*DÉCIMO PRIMERA.- La venta de entradas para los espectáculos recogidos en la cláusula segunda se realizará a través del servicio de venta anticipada de Caixanova. Este sistema de venta se realiza simultáneamente a través del número de teléfono 902 504 500 y de la página web de Caixanova [www.caixanova.es](http://www.caixanova.es).*

*DÉCIMO SEGUNDA.- El protocolo de invitaciones para cada uno de los espectáculos será el siguiente: 22 invitaciones para la Asociación de Amigos de la Ópera, 50 invitaciones para Caixanova, 30 invitaciones para el Ayuntamiento de Vigo, 10 invitaciones para la Diputación Provincial de Pontevedra, y 10 invitaciones para cada compañía que participa en esta programación cultural. Las invitaciones de la compañía que no se utilicen como protocolo se pondrán a la venta.*

*DÉCIMO TERCERA.- En prueba de conformidad con los términos expuestos, las partes comparecientes firman a un sólo efecto y por cuadruplicado, en el mismo lugar y fecha arriba indicados.*

**3(1030).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE AXUDA ÓS ENFERMOS PSÍQUICOS (DOA) PARA MANTEMENTO DOS CENTROS PROTEXIDOS DE VIGO E PROGRAMAS PSICOSOCIAIS PARA O ANO 2007. EXPTE. 4211/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 25.05.07, o informe de fiscalización do 7.06.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacions Públicas e Protocolo, do 28.05.07, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder, ó abeiro do art.22.2.c) da Lei 38/2003, á Asociación DOA unha subvención por unha contía de 7.212 .-€ en concepto de mantemento dos centros protexidos de Vigo, e programas psicosociais para o ano 2007, e isto con cargo á partida 1110 4890002 (Subvencións por razóns humanitarias) ou no seu defecto con cargo a bolsa xurídica de vinculación.

De conformidade co establecido na Lei 28/2003, Xeral de Subvencións, a xustificación da subvención frase mediante a presentación das oportunas facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente e declaración actualizada sobre a percepción ou non doutras axudas para o mesmo fin.

Tras a presentación da conta, que deberá realizarse no prazo máximo de tres meses desde o remate da actividade subvencionada, o técnico encargado do seguimento certificará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

**4(1031).- SUBVENCIÓN Á CASA DE CARIDAD DE VIGO-COMEDOR DE LA ESPERANZA PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA AXUDA DO COMEDOR DA ESPERANZA. EXPTE. 4221/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 6.06.07, o informe de fiscalización do 8.06.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacions Públicas e Protocolo, do 28.05.07, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder á Fundación Casa de Caridad de Vigo-Comedor de la Esperanza unha subvención por unha contía de 6.000 € en concepto de axuda para a contratación de persoal para axuda do Comedor da Esperanza durante o presente ano, e isto con cargo á partida 1110 4890002 (Subvencións por razóns humanitarias, e sociais) do vixente presupuesto prorrogado.

De conformidade co establecido na Lei 28/2003, Xeral de Subvencións, a xustificación da subvención frase mediante a presentación das oportunas facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente e declaración actualizada sobre a percepción ou non doutras axudas para o mesmo fin.

Tras a presentación da conta, que deberá realizarse no prazo máximo de tres meses desde o remate da actividade subvencionada, o técnico encargado do seguimento certificará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

**5(1032).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN ROSA DOS VESTOS PARA AXUDA A ORGANIZACIÓN DAS SÚAS ACTIVIDADES DE AXUDA E ASESORAMENTO ÁS MULLERES DOS MARIÑEIROS DE PESCA DE ALTURA. EXPTE. 4222/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 5.06.07, o informe de fiscalización do 8.06.07, e de acuerdo co informe-proposta do xefe de Relacions Públicas e Protocolo, do 28.05.07, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder á Asociación Rosa dos Ventos unha subvención por unha contía de 3.000 € en concepto de axuda para a organización das súas actividades de axuda e asesoramento ás mulleres dos mariñeiros da pesca de altura para o ano 2007, e isto con cargo á partida 1110 4890002 (Subvencións por razóns humanitarias, e sociais) do presupuesto prorrogado en vigor ou no seu defecto con cargo á bolsa xurídica de vinculación.

De conformidade co establecido na Lei 28/2003, Xeral de Subvencións, a xustificación da subvención frase mediante a presentación das oportunas facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente e declaración actualizada sobre a percepción ou non doutras axudas para o mesmo fin.

Tras a presentación da conta, que deberá realizarse no prazo máximo de tres meses dende o remate da actividade subvencionada, o técnico encargado do seguimento certificará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

#### **6(1033).- CONVALIDACIÓN DE GASTOS DE ADQUISICIÓN DO GRUPO ESCULTÓRICO “FAMILIA PATACOIDES” DE FRANCISCO PAZOS.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 11.06.07, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Validar a actuación de gasto realizado sen fiscalización previa que figura na factura emitida por “Artemisia Gestión de Arte S.L.” (B-82791435), pola adquisición dun grupo escultórico de Francisco Pazos, para ornamentación da Alcaldía por un importe de 23.200 euros, IVE engadido.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de “Artemisia Gestión de Arte S.L.” (B-82791435) con cargo á partida orzamentaria 451.0.688.00.01, por un importe de 23.200 euros, IVE engadido.

3º.- Dispoñer o gasto a favor de “Artemisia Gestión de Arte S.L.” (B-82791435) con cargo á partida orzamentaria 451.0.688.00.01, por un importe de 23.200 euros, IVE engadido.

#### **7(1034).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN A ASOCIACIONES DE PERSOAS MAIORES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DAS SÚAS ACTIVIDADES- ANO 2007. EXPTE.21842/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.06.07, e de acordo co informe-proposta da xefa de sección de Planificación de Servizos Sociais, do 10.05.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder, con cargo á partida 3130.489.00.00 do vixente orzamento, as subvencións ás asociación que de seguido se relacionan para os programas, proxectos e actividades desenvolvidas no ano 2007, dentro do Programa de subvencións a entidades e asociacións sen ánimo de lucro para o fomento de actividades de benestar social para o ano 2007, por un importe total de vinte cinco mil euros (25.000,00 €):

	ASOCIACION	CIF	ACTIVIDADES	PTOS	IMPORTE
01	ASOC. CULTURAL GALLEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS (AULAS 3 <sup>a</sup>	G15496607	Seminario de Geografía e Historia de Galicia, Arte y Literatura	77	1.742,08

	EDAD)				
02	ASOC. DA 3ª IDADE NEVOX	G36806222	Celebración Vodas de Ouro-2007	72	1.628,96
03	ASOC. DA 3ª IDADE QUIÑONES DE LEON	G36760064	Viaxes culturais. Actividades de participación	77	1.742,08
	ASOCIACION	CIF	ACTIVIDADES	PTOS	IMPORTE
04	ASOC. DE XUBILADOS E PENSIONISTAS "ALFONSO DANIEL CASTELAO"	G36755254	Viaxes culturais: Segovia e Toledo	62	1.402,71
05	ASOC. DE XUBILADOS E PENSIONISTAS "VILLA GALICIA"	G36745065	Viaxes culturais: Extremadura Actividades de participación	72	1.628,96
06	ASOC. DE XUBILADOS E PENSIONISTAS DO CONCELLO DE VIGO	G36929255	Excursión pola Comunidade	51	1.153,86
07	ASOC. DE XUBILADOS, PREXUBILADOS E PENSIONISTAS DE CAIXANOVA	G36899144	Excursión pola Comunidade	57	1.289,59
08	ASOC. GALLEGA DE MAIORES (ASGAMA)	G36777670	Viaxes culturais pola Baixa Limia Actividades de participación	67	1.515,84
09	ASOC. GRUPO DE MAIORES DE TELEFONICA	G80992555	Viaxes culturais Actividades de participación	72	1.628,96
10	ASOC. LEDICIA	G36852523	Excursíons culturais Actividades participación	67	1.515,84
11	GRUPO DA 3ª IDADE CRISTO DA VICTORIA	G36621803	Excursíons fora da Comunidade	62	1.402,71
12	UNION CIVICA MUNICIPAL DE CONSUMIDORES E AMAS DE CASA DE VIGO (UNAE)	G36758167	Cursos formativos de Galicia: historia e tradicóns	65	1.470,59
13	CC.OO. FEDERACIÓN DE XUBILADOS	G-15103112	Viaxe a Extremadura	57	1.289,59
14	ASOC. VIUDAS DEMOCRATAS DE VIGO	G.36964757	I Congreso de Viudas	75	1.696,83

15	ASOC.XUB. E PENS. "AVOA"	G-36972800	Actividades culturais: Día do Pai, Día da Nai. Vixes culturais	72	1.628,96
16	ASOC. DE AMAS DE CASA E CONSUMO "AGARIMO"	G36821817	X Aniversario da Asociación	100	2.262,44
				1105	25.000,00

2º.- Non conceder subvencións ás entidades que se relacionan, por no ser conformes coa base 6ª (plazo de presentación das solicitudes e falta de documentación), das reguladoras do Programa, aprobadas en Xunta Local de Goberno de 12.02.07:

Asociación 3ª Edad Rosalia de Castro	G36750479	Base 6.2. Prazo de presentación
Unión Democrática de Pensionistas e Xubilados	G36870707	Base 6.2. Prazo de presentación
Asociación 3ª Edad Artístico Recreativa La Amistad Parque de Castrelos	G36974210	Base 6.2. Prazo de presentación

**8(1035).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DA IMAXINA JAZZ ORQUESTA DENTRO DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ “IMAXINA SONS’07”. EXPTE. 10293/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades Culturais, do 4.06.07, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, acordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, do concerto da *IMAXINA JAZZ ORQUESTRA*, o día 1 de xullo, ás 22,00 horas, na Centro Cultural Caixanova, dentro do programa do *Festival Internacional de Jazz “Imaxina Sons’07”*.

2º. Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º. Autorizar un gasto por un importe total de 34.800.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a NORDESÍA PRODUCCIÓN S.L., con CIF B-15547235.

4º. Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA  
IMAXINA JAZZ ORQUESTRA  
Festival Internacional de Jazz “IMAXINA SONS’07”*

*En Vigo, o xxxxxx de xuño de dous mil sete*

Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Francisco Javier Viéitez Cendón, NIF 33281887-W, en calidade de ADMINISTRADOR e en representación da empresa denominada NORDESÍA PRODUCCIÓN S.L., CIF B-15547235, con domicilio social na cidade de Santiago, rúa Galeras, 17, 2º of. 5, CP 15705; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

## CLÁUSULAS

### OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto da IMAXINA JAZZ ORQUESTRA, no sucesivo O ARTISTA, o domingo 1 xullo de 2007, ás 22,00 horas, no recinto denominado Centro Cultural Caixanova situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 70 minutos.

Este concerto inclúese no FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ DE VIGO “IMAXINA SONS’07”, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

Faise constar que a marca IMAXINA JAZZ ORQUESTRA é propiedade do Concello de Vigo, polo que A EMPRESA non poderá utilizala en ningún outro espectáculo que o obxecto deste contrato, sen autorización expresa e escrita asinada polo órgano de goberno municipal competente.

### VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluidas as do ANEXO.

### RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 30.000.- Euros más 4.800.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 34.800.-Euros (TRINTA E CATRO MIL OITOCENTOS), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manenza, así como dos seis ensallos previos necesarios, e os servizos de dirección artística da orquestra por parte de Nani García (valorados en 9.000.-€ más ive)

O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Nordesía Produccións S.L., que lle será entregado a Francisco Javier Viéitez Cendón, NIF 33.281.887-W ou persoa en quen delegue, momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade e dereiros de autor.

### PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

#### AFORO E ENTRADA

SEXTA.- O CONCELLO porá á venda as entradas correspondentes a un prezo de 12.-€ (butaca), 11.-€ (1º anf), 10.-€ (2º anf) e 9.-€ (3º anf), e será o beneficiaria da total recaudación. Tamén realizará invitacións das que entregará 100 á EMPRESA.

#### IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obligatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxetos.

OITAVA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demás persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pasos necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

#### PUBLICIDADE

NOVENA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

#### PATROCINIOS

DÉCIMA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival Internacional de Jazz de Vigo IMAXINA SONS'07 está patrocinado a nivel xeral pola entidade FUNDACIÓN CAIXANOVA, e conta ademais coa colaboración da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, da SA do Plan de Xestión do Xacobeo, o Instituto Camoes e a AIE, polo que os seus logos aparecerán inexcusablemente na súa publicidade xeral do festival.

#### SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO SEGUNDA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuir á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumplirá coas que lle correspondan.

**DÉCIMO TERCEIRA.-**O CONCELLO será responsable de impedir que se introduzcan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

**DÉCIMO CUARTA.-** O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

**DÉCIMO QUINTA.-** O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

#### INSTALACIÓNNS

**DÉCIMO SEXTA.-** O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até as tres horas despois da súa finalización.

**DÉCIMO SÉTIMA.-** As instalaciónns, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de disponibilidade, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

#### SUSPENSIÓN DO CONCERTO

**DÉCIMO OITAVA.-** Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

**DÉCIMO NOVENA.-** Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

**VIXÉSIMA.-** Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumplir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún derecho a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algúnhha do pactado no presente contrato.

#### INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

**VIXÉSIMO PRIMEIRA.-** O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

**VIXÉSIMO SEGUNDA.-** O CONCELLO non asume respeito ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

#### XURISDICIÓN

**VIXÉSIMO TERCEIRA.-** As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera

*corresponderelles, para resolver cantas cuestiós puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.*

#### **ANEXO DE CONDICIÓN TÉCNICAS**

##### **1. SON E ILUMINACIÓN.**

*A AXENCIA instalará os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.*

##### **2. ESCENARIO E INSTALACIÓNS**

*A EMPRESA coñece e acepta as condicións de escenario e as instalacións dispoñibles no Centro Cultural Caixanova para a realización do concerto, no referente ao apartado eléctrico, camerinos, seguridade...*

##### **3. CATERIN.**

*O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respeito á hora do comezo do concerto o catering, que de forma xeral consitirá en: auga mineral, refrescos, bocadillos variados, frutos secos, café e té.*

*Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.*

##### **4. VEHÍCULOS.**

*O CONCELLO facilitará o acceso dos vehículos que transporten o equipo do ARTISTA até o escenario a fin de poder cargalo e decargalo. Finalizados os traballos de carga e descarga, A AXENCIA deberá retirar os vehículos.*

##### **5. ACTUACIÓN E ENSAIO.**

###### **5.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.**

*Durante a xornada completa do día do concerto*

###### **5.2. ENSAIO TÉCNICO.**

*O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde.*

###### **5.3. HORARIO.**

*O concerto comenzará con estricta puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público, momento no que entrará en funcionamiento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.*

*Ámbalas dúas partes comprométense a cumplir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.*

**9(1036).- PROPOSTA DE INICIO DE EXPEDIENTE PARA A RESOLUCIÓN DO CONTRATO ADXUDICADO A LUBIANS TEJEDOR ASOCIADOS S.L.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Área de Contratación, do 8.05.07, conformado polo concelleiro delegado de Cultura, que di o seguinte:

*Na súa sesión de 5 de xuño de 2007 Padroado da Fundación Marco, á vista do certificado do Tesoureiro Municipal da mesma data no que se reflicte a débeda que ten contraida a mercantil LUBIANS TEJEDOR ASOCIADOS S.L. co Concello de Vigo en relación coa explotación do servizo, de restaurante-cafetería no museo, débeda que ascende a 36.076,37 €, acorda dirixirse á Administración Municipal ó obxecto de que se inicie expediente contradictorio para a resolución do contrato administrativo especial mencionado.*

*O artigo 111.g) do R.D. Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas advirte que é causa de resolución dos contratos administrativos ó incumprimento das obrigas contactuais esenciais.*

*Débese entender que unha das obrigas esenciais do adxudicatario no contrato a el outorgado pola Comisión de Goberno en sesión de data 16.09.2002 é a contraprestación económica que, pola utilización dos locais e instalacións, debe satisfacer o Concello de Vigo, contraprestación que se fixou no prezo anual de 10.000 € mailo IVE. O feito de que tal contraprestación económica non se haxa satisfeita polos tres últimos anos indica unha indubitada vontade renuente e obstrucionista no cumprimento das obrigas que corresponden ó contratista.*

*En virtude do exposto, ó amparo do artigo 111.g) do R.D. 2/2000, de 16 de xuño, e do sinalado na cláusula XV.1.c) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares PROPONSE Ó ÓRGANO DE CONTRATACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:*

*Primeiro.- Iniciar expediente para a resolución do contrato adxudicado a LUBIANS TEJEDOR ASOCIADOS S.L. mediante acordo da Comisión de Goberno de data 16.09.2002 outorgando á mercantil citada un prazo de audiencia de 10 días naturais poñéndolle de manifesto o expediente ó obxecto de que alegue e presente os documentos e xustificacións que estime pertinentes.*

*Segundo.- Notificar o presente acordo ó interesado.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(1037).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS PARA A CELEBRACIÓN DA LXVI EDICIÓN DO CAMPEONATO DE VIGO DE TENIS E O VI TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS FEMININO CIDADE DE VIGO 2007. EXPTE. 6999/2007.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 1.06.07, o informe de fiscalización do 8.06.07 e visto o informe-proposta do director deportivo do IMD, do 25.05.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, do 25.05.07, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio para a celebración da VI TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS FEMININO CIDADE DE VIGO 2007 do día 27 de xullo ao 6 de agosto de 2007 e a LXVI EDICION DO CAMPIONATO DE VIGO DE TENIS 2007 , entre o Concello de Vigo e a Federación Galega de Tenis, que se achega o presente expediente.

2º.- Aprobar o gasto de 12.000 euros a favor da entidade; Federación Galega de Tenis CIF: G-15102767. Con enderezo en Fotografo Luis Ksado, 17 Vigo. (c/c: 2080 0030 9 2 0040009604 con cargo á partida 4521.489.00.01 do vixente orzamento.

3º.- De conformidade co establecido na Lei 28/2003, Xeral de Subvencións, a xustificación da subvención farase mediante a presentación das oportunas facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente e declaración actualizada sobre a percepción ou non doutras axudas para o mesmo fin. Tras a presentación da conta, que deberá realizarse no prazo máximo de tres meses dende o remate da actividade subvencionada, o técnico encargado do seguimento certificará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

***CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS PARA A CELEBRACIÓN DA LXVI EDICION DO CAMPIONATO DE VIGO DE TENIS E O VI TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS FEMININO CIDADE DE VIGO 2007.***

No Concello de Vigo, a

Dunha parte: Dna. Lucia Molares Perez, concelleira-delegada da Area de Promoción Económica e Desenvolvimento Local.

E doutra: D. Antonio Santorio Otero, con DNI: 35811422-P en nome e representación da Federación Galega de Tenis co CIF: G-15102767.

Ámbalas dúas partes recoñécese mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente Convenio.

**EXPOÑEN :**

*Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización da LXVI EDICIÓN DO CAMPIONATO DE VIGO DE TENIS e o VI TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS CIDADE DE VIGO 2007, por tratarse dun acontecemento deportivo de primeiro nivel mundial coa participación das mais destacadas tenistas, o Excmo. Concello de Vigo e a Federación Galega de Tenis, conveñen a realización do mesmo sendo a Federación Galega de Tenis a única entidade con capacidade organizativa para afrontar este evento que ten un claro interese público e zonal. Polo que se establecen as seguintes:*

**ESTIPULACIÓNS**

**PRIMEIRA:** A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira, o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións aprobado polo R.d. 887/2006; a normativa autonómica

sobre subvencións; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo paro a o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto a subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 29 da LXS.

Esta subvención ten un clara carácter de interes publico e social polo que a súa concesión acollese o previsto no artigo 22 2C da Lei 38 de 2003 da LXS. dada a importancia desta manifestación deportiva e a asistencia masiva de publico.

Por outra banda é a única entidade que ten capacidade organizativa para desenvolver a LXVI EDICION DO CAMPIONATO DE TENIS DE VIGO e o VI TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS FEMININO CIDADE DE VIGO-2007 é a Federación Galega de Tenis, polo que non cómpre aplicar os principios de publicidade e concorrenzia.

A Federación Galega de Tenis, para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 de LXS.

SEGUNDA- O Excmo. Concello de Vigo comprometese a:

2.1- Autorizar a organización da LXVI EDICION DO CAMPIONATO DE VIGO DE TENIS e o VI TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS FEMININO CIDADE DE VIGO 2007 á Federación Galega de Tenis para a celebración do 25 de agosto ao 2 de setembro e do 27 de xullo ao 6 de agosto de 2007 respectivamente.

2.2.-Aboar á Federación Galega de Tenis a cantidad de 12.000 euros pola organización e celebración dos devanditos eventos deportivos, con cargo á partida 4521.489.00.01“ Subvencións Eventos Deportivos” do orzamento en vigor.

TERCEIRA- A Federación Galega de Tenis, asume as seguintes obrigas:

3.1.-Organizar a “LXVI EDICION DO CAMPIONATO DE VIGO DE TENIS E O VI TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS FEMININO CIDADE DE VIGO 2007” .

3.2 .-Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento.

3.3.-Entre os idiomas utilizados para a promoción deste evento terá que aparecer necesariamente o galego.

3.4.-En tódala información e publicidade do evento figurará o logo da Concellería de Deportes. Así mesmo na instalación onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.

3.5.-Cumprir tódalas normas establecidas no clausurado do convenio.

3.6.-Responder da veracidade dos datos da solicitude.

3.7.- A concesión da subvención implica a aceptación por parte do beneficiario das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.

CUARTA: O seguimento da execución do presente Convenio será realizado polo Servicio de Deporte da Concellería de Promoción Económica e Desenvolvemento local do Excmo. Concello de Vigo.

A Concellería de Promoción económica e desenvolvemento local, a través do Servicio de Deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte da Federación Galega de Tenis da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.

O Servicio de Deportes, como órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais , poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

ZASHIN A.D.	G-36870160	VARIOS		1.104,00 €			4.896,00 €	6.000,00 €
MARITIMO CANIDO CLUB	G-36630127	VELA		648,00 €			200,00 €	848,00 €

VIGO VOLEIBOL	G-36658219	VOLEIBOL	33.780,00 €		30.000,00 €	2.000,00 €	7.220,00 €	73.000,00 €
XUVENIL TEIS VOLEIBOL	G-36288413	VOLEIBOL	21.990,00 €		7.000,00 €	3.500,00 €		32.490,00 €
ENTIDADE	CIF	MODALIDA- DE	CATEG.	LICEN- CIAS	DESPRAZ.	ALUGUER	PART-ORG	SUBVEN- CION
FIT SPORT VIGO	G-36988947	WU SHU		360,00 €				360,00 €
AMESAL	G-36779346	XADREZ		360,00 €			140,00 €	500,00 €
DOCTOR FLEMING XADREZ	G-36893782	XADREZ		156,00 €			144,00 €	300,00 €
MAXIMO GORKI XADREZ	G-36983260	XADREZ		228,00 €			72,00 €	300,00 €
MANIOTAS CLUB	G-36684819	XIMNASIA		5.388,00 €		1.078,00 €	8.534,00 €	15.000,00 €
TOTAL.....								900.000,00 €

2.- Rexitar as solicitudes das seguintes entidades polas seguintes causas:

a.- Por presentar a solicitude fora de prazo.

CLUB VOLEI PRAIA VIGO                                  CIF: G-36990109

SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL                      CIF: G-36686376

SAN MIGUEL CLUB DE FUTBOL                        CIF: G-36743433

b- Por non ter dous equipos en categorías Base.

ASOACIÓN DE VECIÑOS FONTE DO GALO              CIF: G-36655017

AAVV DO CALVARIO                                      CIF: G-3648293

d.- Por non presentar a certificación da Federación

CLUB BALONCESTO XUVENTUDE DE VIGO                CIF: G-36816890

**B)** Con data 12.06.07 o mesmo director deportivo do IMD, emite certificado no que fai constar:

“Que os clubs que se relacionan na proposta de concesión de subvencións a entidades deportivas temporaña 2006-2007, que se somete á consideración da Xunta de Goberno local, todas as entidades que se relacionan na mesma cumplen cos requisitos previstos no artigo 5 das bases da convocatoria, agás os clubs que de seguido se relacionan:  
 Club Vigo Fútbol Sala G-36935229

Valladares Patinaxe G-36765733

Polo tanto deben quedar rexelitados desta convocatoria por non cumplir os requisitos previstos nela.

**C)** Con data 12.06.07 o Interventor xeral emite informe de fiscalización e á vista de dito informe o director deportivo do IMD, coa mesma data, informa:

“Visto o informe de fiscalización de data de hoxe da Intervención Xeral do concello, quedan excluídos da convocatoria de subvencións a Entidades Deportivas 2006-2007, os seguintes clubs:

Club Vigo Fútbol Sala G-36935229  
Valladares Patinaxe G-36765733

Polo tanto débese dispoñer crédito por importe de 849.000 €. En consecuencia non procede o recálculo do crédito total para esta convocatoria.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no informe do director deportivo do IMD, do 11.06.07, transcrito no apartado A) dos antecedentes deste acordo, excluíndo da mesma, segundo informe do mesmo técnico, ós seguintes clubs:

Club Vigo Fútbol Sala G-36935229  
Valladares Patinaxe G-36765733

Debendo dispoñerse dun crédito por importe de 849.000 €.

#### **17(1044).- DAR CONTA DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA XUNTA DE GALICIA Ó ABEIRO DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN DA XUNTA DE GALICIA-CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2007. EXPTE. 4304/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da coordinadora do Plan Municipal de Emprego, do 11.06.07, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

No marco dos Programas de Cooperación que a Consellaría de Traballo establece na Orde do 31 de xaneiro de 2007 (que regula as axudas e subvencións para o fomento do emprego polas entidades locais, subvencionando a contratación de traballadores/as desempregados/as para a execución de obras e servizos de interese xeral e social), a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo solicitou subvención para a realización dos proxectos aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 19 de marzo de 2007 (expediente nº 4304/77; achégase copia do acordo).

Así, con data 7 de xuño de 2007 recíbese fax da Delegación Provincial da Consellaría coas Resolucións aprobatorias das subvencións concedidas, especificando que nas vindeiras datas remitiranse novas resolucións aprobatorias. As subvencións aprobadas nas Resolucións de 07/06/07 indícanse na seguinte táboa:

Departamento municipal solicitante	Denominación do proxecto (servizos / obras)	Traballadores/as CONCEDIDOS	Duración (meses)	Subvención concedida
MONTES, PARQUES E XARDÍNS	Melloras de contornos urbanos	1 enxeñeiro/a técnico 4 oficiais construcción 3 oficiais xardinaxe 2 oficiais conducción 6 peóns construcción 7 peóns xardinaxe	6	146.692,86

		TOTAL: 23		
<i>DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO</i>	Embarcacións do mar de Vigo	1 experto/a docente 1 aux. administrativ. 8 peóns construcción <b>TOTAL: 10</b>	6	69.750,48
Departamento municipal solicitante	Denominación do proxecto (servizos / obras)	Traballadores/as CONCEDIDOS	Duración (meses)	Subvención concedida
<i>VIAS E OBRAS</i>	Obras de acondicionamiento urbano	1 aux.administrativa 17 oficiais construcción 9 oficiais conducción 21 peóns <b>TOTAL: 48</b>	6	310.145,10
		<b>TOTAL : 81</b>		<b>526.588,44</b>

*As subvencións concedidas correspóndense cos custos salariais dos traballadores/as para contratar aplicando o Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007.*

*Deste xeito, desde o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego estanse a dar os pasos necesarios para iniciar os correspondentes expedientes de xeración de crédito relativos á subvención aprobada, así como no referido ao procedemento de selección dos/as participantes (recollido no expte 4450/077 “Procedemento de selección do persoal beneficiario de Programas de Cooperación 2007”, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 25/05/07).*

*O que se comunica á Corporación municipal para o seu coñecemento.*

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**18(1045).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO NEGOCIADO PARA O SERVIZO DE PORTERÍA, TRABALLOS EXTRAS E URXENTES DE PORTERÍA E VIXIANZA NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE VIGO. EXPTE. 8620/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 4.06.07, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Limpiezas del Noroeste, S.A.” o procedemento negociado para a prestación do servizo de portería, traballos extras e uxentes de portería e vixianza nos colexios públicos de Vigo. Expte. 8620-332 por un importe de 30.000 euros e os seguintes prezos unitarios:

Porteiro vixiante: 21,50 euros/hora.

Aranxo de xardín escolar: 21,50 euros/hora.

Preparación do terreo, peches e zonas de transito do horto escolar: 21,50 euros/hora.

Acondicionamento de m2 de terraplén incluída a recollida de broza e traslado ao lugar pertinente: 21,50 euros/hora.

Corte de herba e maleza con desbrozadora: 21,50 euros/hora.

Pintado a cor de m2 de parede de aula, aportando o centro a pintura: 21,50 euros/hora.

Baleirado dun aula, con traslado de mobiliario a almacén ou ao lixo: 21,50 euros/hora.

Arranxo de almacén tamaño aula: 21,50 euros/hora.

Reposición de bombillas, tubos flúorescentes, focos e difusores en todo o colexio, con consumibles aportados polo centro: 21,50 euros/hora.

Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-05-2007 e a oferta presentada.

**19(1046).- MODIFICACIÓN POR ERRO MATERIAL NO ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE REDACCIÓN DE PROXECTO, EXECUCIÓN DE OBRA E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS EN VIGO. EXPTE. 6078/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do acordo da Mesa de Contratación realizada o sobre o axunto de referencia, que di o seguinte:

*“4.- Fora da Orde do día. Modificación dun erro material no punto 1º da acta da mesa de contratación celebrada o día 18-05-2007.*

*O Secretario da Mesa informa que na acta da Mesa de contratación celebrada o día 18-05-2007 detectouse un erro no punto 1º da orde do día.*

*O erro consiste que a proposta de adxudicación do concurso para a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da praza central do Polígono I do PERI II-12\_A, Florida B e parcela no Perí 4- Barreiro II. Expdt. 6078-333 formulouse a favor da UTE Gaia G.D., S.L. – Movexvial, S.L., cando na súa oferta e de acordo co disposto na cláusula 12-2º do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a contratación se comprometeron a constituir unha sociedade para a execución do contrato, a vista dae esta circunstancia a proposta de adxudicación deberá quedar formulada da forma seguinte:*

*“Adxudicar o concurso convocado para a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da Praza central do Polígono I do PERI II-12\_A. Florida B e parcela no PERI 4 Barreiro II, a sociedade concesionaria que constituan as empresas Gaia G.D., S.L. (50 % de participación) - Movex Vial, S.L. (50% de participación), segundo os pregos de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexeron o concurso e a oferta presentada, coa proposta económica da que se achega copia á presente acta, é a seguinte:*

*Prezo de execución das obras según o proxecto básico aportado como parte da oferta: 14.784.459,00 euros IVE engadido.*

*Asume o compromiso de executar as citadas obras no prazo de 12 meses contados a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación do Planeamento, con arranxo ao seguinte Plano de execución ou calendario das obras:*

*Data de Comento: 01/08/2007*

*Data de terminación: 01/08/2008*

*Data de apertura da instalación: 01/10/2008*

*Que o canon a abonar ó Concello será de 12.000 euros anuais, consonte coa disposición septima do presente prego.*

*Que as tarifas propostas son as que figuran no punto 4) da copia da acta rubricada que se acompaña coa presenta Acta.*

*Este acordo comunicarase a Xunta de Goberno para a súa consideración.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co anteriormente exposto acorda rectificar o erro material cometido na adxudicación da concesión de servizo público con construcción de obra de dúas piscinas cubertas nas seguintes parcelas: PERI II-12 A FLORIDA B E PARCELA NO PERI 4-BARREIRO II, adoptado na sesión do 23.05.07, quedando redactado do seguinte xeito:

Adxudicar o concurso convocado para a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da Praza central do Polígono I do PERI II-12- A. Florida B e parcela no PERI 4 Barreiro II, a sociedade concesionaria que constituan as empresas Gaia G.D., S.L. (50 % de participación) - Movex Vial, S.L. (50% de participación), segundo os pregos de claúsulas administrativas e condicións técnicas que rexeron o concurso e a oferta presentada, coa proposta económica da que se achega copia á presente acta, é a seguinte:

Prezo de execución das obras según o proxecto básico aportado como parte da oferta: 14.784.459,00 euros IVE engadido.

Asume o compromiso de executar as citadas obras no prazo de 12 meses contados a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación do Planeamento, con arranxo ao seguinte Plano de execución ou calendario das obras:

Data de Comento: 01/08/2007

Data de terminación: 01/08/2008

Data de apertura da instalación: 01/10/2008

Que o canon a abonar ó Concello será de 12.000 euros anuais, consonte coa disposición septima do presente prego.

Que as tarifas propostas son as que figuran no punto 4) da copia da acta rubricada que se acompaña coa presenta Acta.

#### **20(1047).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DA CONCESIÓN DE CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS RECICLABLES. EXPTE. 1803/252.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio, do 12.06.07, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de concesión do servicio público de contenerización, recollida e transporte de recicladores autorizados dos Residuos Urbanos Reciclables, adxudicado polo Pleno municipal de 1 de agosto de 2003, establecendo o prezo revisado a partir do 1 de outubro de 2005, na cantidade de 1.902.094,74 euros/ano.

Recoñecer á empresa adxudicataria, polo concepto de atrasos dende o mes de outubro de 2005 ó mes de decembro de 2006 a cantidade de 99.240,23 euros, en concepto de atrasos producidos pola diferencia entre o prezo facturado ( 1.822.702,61 euros/ano) e o prezo revisado a partir de esa data ( 1.902.094,74 euros).

Recoñecer a cantidade de 33.080,10 euros poldiferencia de facturación entre 1 de xaneiro de 2007 e 31 de maio dese ano.

**21(1048).- SEGUNDA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE RECOLLIDA DE RSU, LIMPEZA VIARIA E LIMPEZA DE PRAIAS. EXPTE. 17934/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio, do 24.10.06, que di o seguinte:

*Pola entidade mercantil, Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., mediante escrito presentado no rexistro Xeral deste concello de data 10 de outubro de 2006, solicita a revisión do prezo do contrato, para o periodo maio de 2005/maio de 2006, de xestión de servicio público de recollida de R.S.U., limpeza viaria e praias, do cal é adxudicataria pola concesión acordada polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión celebrada o 29 de febreiro de 2001.*

**FUNDAMENTOS DA REVISIÓN DO PREZO CONTRACTUAL.**

*A posibilidade de revisión do prezo contractual, aparece recollida, no apartado VII do prego de claúsulas administrativas que rexeu a contratación, e para o cálculo da mesma, tendo en conta ó recollido no prego e a revisión de prezos efectuada o prezo do contrato, procederese do xeito que de forma resumida se expón a continuación:*

*1º.- No último parágrafo da mencionada claúsula de revisión de prezos, recolle que a primeira revisión ordinaria de prezos terá lugar transcurrido un ano do contrato e executarase o 20% do contrato. Para estes efectos entenderase o prezo do contrato, como o de adxudicación anual multiplicado polo nº de anos da concesión, de conformidade co previstos nos artigos 103 e 104 do RDL 2/2000.*

*En relación ó anterior, decir, que na Xunta de Goberno Local de 13 de marzo de 2006, aprobouse esta primeira revisión, fixando o prezo contractual revisado na cantidade 16.387.481,54 euros, o cal sería esixible a partir de 1 de xuño de 2004.*

*2º.- O cálculo do precio revisado foi efectuado, e o periodo de vixencia do mesmo establecido, conforme o estipulado no prego de claúsulas Administrativas que rexeron a contratación inicial, e no informe efectuado utilizouse o criterio de non aplicar ós costes salariais (en concreto o coste de peón noite) que interveñen na fórmula de revisión producidos antes do 31 de decembro de 2002, data na que entra en vixencia o novo convenio de empresa dos traballadores de “recollida de RSU, Limpeza Viaria e limpeza de praias”, a restricción, en canto ó seu*

crecemento do IPC de orixen e do momento da revisión + 1,5 puntos. Este criterio vaise seguir considerando na segunda revisión, así como tamén, se vai seguir considerando que o IPC, a que se refire o prego no apartado da cláusula VII-a) donde se menciona o compoñente da fórmula Mt/Mo, tratase dun IPC anual que se fai coincidir co ano natural, e así equiparalo ó disposto, en dito apartado de revisión, en referencia os costes de persoal, xa que neste caso tamén fala de costes do “ano” de licitación e revisión.

3º.- En canto ó incremento do coste de combustibles, para o calculo do incremento dos mesmos fala do incremento do “ano de licitación” e do “ano de revisión”, o referirse a anualidades, vanse utilizar éstas entendidas como anos naturales, nos que se efectua a licitación e revisión.

4º.- A fórmula mediante a cal se efetuará a revisión de prezos será a seguinte:

$$\text{Prezo actualizado} = ((Po - \text{amortización} x) Kt + \text{amortización}) x T$$

$Po$  = prezo inicial do contrato ive excluído.

$T$  = índice multiplicador que recolle o tipo impositivo do ive aplicable a operación.

$$K = A ( Mt/Mo ) + B ( Gt/Go ) + c ( Rt/Ro )$$

A, b, c, son coeficientes de participación ofertados polos licitadores, que segundo se recolle no acordo de adjudicación e no contrato administrativo firmado entre a empresa e o Concello de Vigo, acadan os seguintes valores:

$$A = 0,88; b = 0,05 \text{ e } C = 0,07$$

$Gt$  e  $Go$  é o custo medio ponderado de combustibles para automoción no ano de revisión e no ano de licitación respectivamente.

$Mt$  e  $Mo$  é o índice xeral correspondente o incremento real do costes de persoal obtidos segundo as seguintes expresións  $Mt/Mo = Cpn(t)/Cpn(o)$  sendo “ $Cpn$ ” o custo medio real para a categoría de peón noite , segundo convenio colectivo nos “ $t$ ” de revisión e “ $o$ ” do ano que rematou o prazo de presentación de proposicións . A variación anual deste índice non poderá ser superior á que incremente o IPCincrementado en 1,5 puntos.

$Rt$  e  $Ro$  = Outros gastos no momento da revisión e de finalización do plazo de presentación de proposicións, revisado mediante a aplicación do IPC

Nacional do mes de revisión ( mayo 2005 ) e do mes en que finalice o prazo de presentación de proposicións ( novembro de 2000).

#### CALCULO DA REVISION DE PREZOS DO CONTRATO

O prezo total de adjudicación do contrato foi de 2.239.389,350 pts ano, ou 13.459.001,06 euros ano, desglosado nos seguintes importes parciais:

Prezo de recollida e transporte de RSU 4.808.719,87 euros/ano.

Prezo do servicio de limpeza viaria e servicios especiais: 8.528.146,04 euros/ano.

Prezo do servicio de limpeza de praias: 122.135,15 euros/ano.

Como prezo do periodo transitorio estableceuse a cantidade de 1.084.708,19 euros mes.

Vista a documentación que consta no expediente os componentes da formula de revisión de prezos, acadarian por tanto os seguintes importes:

a).- Para o cálculo do coeficiente Mt/Mo, tendo en conta a data de adjudicación do contrato, a limitación do seu crecemento a o IPC+ 1,5, aplicáraselle apartir do 1/1/2002, xa que esta é a data de entrada en vigor do primeir convenio da empresa dende a data de adjudicación, os incrementos dos costes salariais anteriores ó mesmo, non están sujetos polo tanto a limitación recollida no prego de condicións que rexeu a contratación do IPC+ 1,5 puntos, dito incremento ata esa data cifrase nun 10,03 %. Para o cálculo deste cociente procederase tal como se expón no apartado 2º anterior.

En canto os restantes incrementos do coeficiente Mt/Mo, perante os periodos restantes ata maio de 2004, alcanzaron os seguintes valores:

Dec.2001- dec 2002..... 4% +1,5 = 5,5%.

Dec 2002- dec 2003..... 2,6% + 1,5 = 4,10%.

Dec 2003- dec 2004.....3,2% + 1,5 = 4,7%

Dec 2004- dec2005..... 3,5% + 1,5 = 5,2%

O incremento acumulado de Mt/Mo dende a data de adjudicación ata decembro de 2005 é igual a 1,3310.

b).- Gt/Go, que corresponde o incremento do custe medio ponderado do combustible, para o mes de finalización do prazo para a presentación de proposicións ( decembro 2000), e o mes de revisión ( maio 2005), e que alcanza os seguintes valores: Go= 0,702 cts./litro e Gt= 0,901 cts./litro, respecto a este apartado e dado que na actualidade o índice de precios do combustible non sepública no B.O.E., tomouse como referencia o certificado de SOLRED dea media anual do ano de presentación de proposicións, 2000, e o ano no que se efectua a revisión, 2005, do precio medio de Diesel.

O coeficiente Gt/Go = 28,35%

c).- Rt/Ro correspondente o incremento do IPC do mes de finalización para a presentación de proposicións, novembro de 2000, e o mes de revisión, maio de 2005, que segundo datos facilitados polo INE, foi do 15,7%.

O Coeficiente Rt/Ro= 15,7%.

K= 0,88 ( Mt/Mo) + 0,05 ( GT/go) + 00,7 ( Rt/Ro)

$K = 0,88 ( 1,3310) + 0,05 ( 1,2835) + 0,07 ( 1,157) = 1,3149$

K2005= 1.3163

*Prezo actualizado = ( ( prezo inicial ive excluido- amortización) K2005 + amortización ) X IVE.*

*Prezo actualizado = (( 12.578.505,66 – 1.466.456,75) 1, 3163 + 1.466.456,75) X 7% = 17.219.774 euros.*

#### **DIFERENCIAS ENTRE A SOLICITUDE DA EMPRESA E A REVISION DE PRECIOS QUE SE PROPON.**

A empresa na solicitude presentada para a 2º revisión do prezo contractual, e coa finalidade de equiparar todos los incrementos dos índices de prezos utilizados na fórmula de revisión ó último mes do periodo anual do contrato, é decir, decembro, o compoñente da fórmula Rt/Ro, calculao considerando o mes de presentación de proposicións – novembro de 2000- e o mes de dembro de 2004 ( en vez de maio de 2005), polo que se obtén un incremento, no que respecta o IPC de 13,5%, que aplicado a fórmula de obtención do coeficiente de revisión, Kt, da como resultado Kt= 3149.

Se aplicamos o coeficiente obtido anteriormente ( utilizando Rt/Ro = IPCnov2000/IPCdec2004), obtemos un prezo revisado de 17.203.128,15, prezo inferior o que resultaría de aplicar o IPCmaio2004, na cantidade de 16.645,82 euros, polo que se entende que o planteamento da empresa podería ser aceptado, xa que non comporta maiores costes para esta administración, non obstante fai tal planteamiento supeditandoo mesmo a que os efectos da revisión sexan computados dende xaneiro de 2005, cando na primeira revisión efectuada deste contrato, supeditada a execución dun 20% do mesmo, unha vez se fixeron as comprobacións correspondentes resultou que os efectos da mesma deberían ser a partir do mes de xuño de 2004, xa que a facturación correspondente o 20% da contratación produciase no mes de maio dese ano ( 2004), polo que en caso de aceptarse a proposta da empresa adiantariase a data de devengo da revisión en cinco meses.

Presenta ademais, unha proposta de revisión, que recolle os deslizamentos que se producen nos costes salariais, polo impazo da restricción de incremento nos costes salariais, ó IPC+ 1,5 puntos, da seguridade social e antiguedade dos traballadores. Dita proposta non se considerou xa que no Prego de Cláusulas administrativas que rexeu a contratación, en concreto na cláusula VII de “Revisión de Prezos” non contempla tal posibilidade.

Polo exposto anteriormente, proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

Aprobar a revisión de prezos do contrato de recollida de residuos sólidos urbáns, limpeza viaria e limpeza de praias, adjudicado a empresa “Fomento de Contrucciones y Contratas, S.A.”, por acordo do Pleno Municipal de data 29 de febreiro de 2001, por un prezo total contractual de 13.459.001,06 euros, establecendo o mesmo a partir do 1 de xuño de 2005 ata 31 de maio de 2006, na cantidade de 17.219.744 euros/ano.

Con data 23.01.07, a devandita técnica de Admón. Especial emite a seguinte ampliación de informe:

A vista do informe emitido pola Intervención Xeral deste Concello, de data 11 de decembro de 2006, procedese a efectuar a proposta de revisión de prezos do contrato de referencia, axuntando os índices da fórmula de revisión, man de obra e precio de gasoil de automoción do ano de revisión, a maio de 2005, xa que ó efecto desta comenzase a computar a partir de 1 de xuño de 2005. A Vista do anterior o cálculo do coeficiente de revisión sería o seguinte:

$$K_{2005} = 0,88 (1,2997) + 0,05 (1,2043) + 0,07 (1,157) = 1,2849$$

Para o cálculo anterior, utilizouse a media do prezo de gasoleo para automoción, resultante da media xaneiro/maio de 2005, obtido éste da información facilitada polo Ministerio de IndustriaTurismo e Comercio en internet, da cal se adxunta copia. Así mesmo, para o cálculo do incremento da man de obra, utilizouse o incremento do IPC do período decembro2004/maio2005, 2,1%, ó que se incrementou na cantidade de 0,625 (1,5/12X5).

O prezo revisado do contrato sería:

$$\text{Prezo actualizado} = (12.578.505,66 - 1.466.456,75) 1,2848 + 1.466.456,75 \times 1,07 = 16.846.431,38 \text{ euros/ano.}$$

Polo exposto PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de recollida de Residuos Sólidos Urbanos, limpeza viaria e limpeza de praias, adjudicado a empresa “fomento de Construcciones y Contratas, S.A.”, por acordo do Pleno Municipal de 29 de febreiro de 2001 por o prezo de adjudicación de 13.459.001,06, establecendo o mesmo a partir de 1 de xuño de 2005 ata 31 de maio de 2006, na cantidade de 16.846.431,38 euros.

Segundo.- Recoñecer as obrigas derivadas da prestación do servicio pola diferencia de facturación a prezos de 2004, entre o período comprendido entre xuño de 2005 e decembro de 2006, na cuantía de 726.670,58 euros.

Terceiro.- Recoñecer en concepto de diferencia de facturación entre xaneiro de 2007 e maio dese ano, a cantidade de 191.229,10 euros.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **22(1049).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE ALZADA EN RELACIÓN COAS PROBAS SELECTIVAS PARA CUBRIR POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA CATRO PRAZAS VACANTES DE SUBOFICIAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario do Tribunal encargado de xulgar as probas selectivas para cubrir polo sistema de promoción interna catro prazas vacantes de suboficial do Servizo de Extinción de Incendios, que di o seguinte:

Tendo sido presentado recurso de alzada no Rexistro Xeral do concello en data 30 de maio de 2007, documento número 70064606, contra a resolución do Tribunal Encargado de xulgar as probas selectivas para cubrir polo sistema de promoción interna catro prazas vacantes de suboficial do Servizo de Extinción de Incendios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2005, ante o órgano que dictou o acto impugnado, éste, de acordo co disposto no artigo 114 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento

*Administrativo Común, remiteo ao órgano competente para resolver, co informe-proposta que segue e unha copia completa e ordeada do expediente.*

**INFORME-PROPOSTA:**

*Os asinantes do recurso, D. Emilio Días de la Iglesia, D. Hector Soage Bermúdez, D. Gerardo Fernández Costa, D. José Antonio Villar Comesaña e D. Vicente Aparicio González, solicitan 1º) a nulación do proceso de selección en canto que se poden producir prexuízos de imposible ou difícil reparación tanto para os solicitantes como para a Administracion, e 2º) que se lle faciliten copia das Actas do Tribunal cualificador de todo o proceso selectivo, baseándose en distintas alegacións.*

*En canto a primeira alegación, ésta foi resolta por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de setembro de 2006, da que se adjunta copia.*

*En canto á segunda das alegacións, admiten os mesmos recorrentes que xa foi denegada en base a un acordo da mesa xeral de negociación que foi incorporado ao texto literal das bases xerais, e que non foi recorrido en prazo.*

*En relación á terceira das alegacións, xa foi contestada polo Tribunal examinador, segundo acordo tomado na sesión do día 15 de maio de 2007, individualmente a cada un dos reclamantes.*

*En consecuencia do anterior, o que subscribe PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, competente en virtude do establecido no artigo 114.1 da devandita Lei, a adopción do seguinte acordo:*

*Desestimar o recurso de alzada presentado por D. Emilio Días de la Iglesia, D. Héctor Soage Bermúdez, D. Gerardo Fernández Costa, D. José Antonio Villar Comesaña e D. Vicente Aparicio González.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(1050).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A SUBSCRICIÓN A “EL CONSULTOR ON-LINE”, “EL CONSULTOR DE LOS AYUNTAMIENTOS Y LOS JUGADOS” E “IMPUESTOS”. EXPTE. 871/550.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do vocal do Tribunal Económico Administrativo, do 7.06.07, conformado polo primeiro tenente de alcalde e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a subscrpción con Wolters Kluwer España SA, por dous anos prorrogables por outros dous do servicio, de conformidade có presuposto que consta no expediente, de acordo co seguinte desglose:

- un servicio on-line con cinco accesos personalizados a “El Consultor on-line”
- un servizo on-line con dous accesos concurrentes a “El Consultor on-line”
- un servizo on-line con tres accesos concurrentes a “El Consultor on-line”
- sete revistas “El Consultor de los Ayuntamientos y los Juzgados”
- unha revista “Impuestos”

TOTAL: 8.824'96 € para o ano 2.007, incrementándose nos anos posteriores co aumento do I.P.C.

2º.- Comunicar a Wolters Kluwer España SA que as suscripcións resultantes dos acordos da Xunta de Goberno Local de 23 de xuño de 2003 e 21 de febreiro de 2005 dánse por resoltos coa notificación deste Acordo

3º.- Imputar os importes resultantes da execución do presente á partida 1210.2200100.

**24(1051).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE LICENZAS PARA O ANO 2007 E PARA A SUBSCRICIÓN DE BASES DE DATOS. EXPTE.872/550.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do vocal do Tribunal Económico Administrativo, conformado polo primeiro tenente de alcalde e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a subscrpción con Editorial Aranzadi S.A. (A-81962201), con efectos de 1 de decembro de 2007, por dous anos prorrogables por outros dous de dito servicio, de conformidade có presuposto que consta no expediente, de acordo co seguinte desglose:

- Westlaw Premium, 7 licenzas
- Westlaw Administración Local, 7 licenzas
- Westlaw Social, 3 licenzas
- Westlaw Urbanismo Galicia, 4 licenzas
- Westlaw Fiscal, 2 licenzas
- Westlaw DGT, 2 licenzas
- Westlaw Legis Europea, 2 licenza

TOTAL: 11.586'57 € para o ano 2.007, incrementándose nos anos posteriores co aumento do I.P.C.  
referido ó mes de xaneiro.

2º.- Autorizar a adquisición non renovable para o ano 2007 a Editorial Aranzadi S.A. (A-81962201), das licenzas seguintes, segundo presuposto que consta no expediente, con vencimento final todas elas o 30 de novembro de 2007:

- Westlaw Premium, 2 licenzas
- Westlaw Administración Local, 7 licenzas
- Westlaw Social, 3 licenzas
- Westlaw Urbanismo Galicia, 4 licenzas
- Westlaw Fiscal, 2 licenzas
- Westlaw DGT, 2 licenzas
- Westlaw Legis Europea, 2 licenzas

TOTAL: 3.773'54 € para o ano 2.007, IVE incluido

3º.- Comunicar a Editorial Aranzadi S.A. (A-81962201) que as suscripcións resultantes dos acordos da Xunta de Goberno Local de 7 de marzo e 13 de xuño de 2005 dánse por resoltos coa notificación deste Acordo

4º.- Comunicar a Editorial Aranzadi S.A. (A-81962201) que debe proceder a distribuir as licenzas contratadas, subministrando as claves correspondentes ó Vocal do Tribunal Económico-Administrativo, segundo o seguinte detalle:

	PREMIUM	LOCAL	FISCAL	DGT	SOCIAL	URBANISMO	L. EUROPEA
XERAL 1	3	3			2	2	
XERAL 2	1	1			1	1	1
AS XUR	2	2	1	1	1	1	1
TRIB EC ADM	1	1	1	1			
TOTAIS	7	7	2	2	4	4	2

5º.- Imputar os importes resultantes da execución do presente á partida 1210.2200100.

#### **25(1052).- MODIFICADO Nº 1 PROXECTO DE MELLORA DO ENTORNO DA SOCIEDADE HELIOS (BEMBRIVE).**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 12.06.07, que di o seguinte:

##### Antecedentes:

*En data 23 de febreiro pasado, iniciáronse os traballos para a mellora ambiental do entorno da Sede da Sociedade Helios e o local da A.VV. de Bembrive, co obxecto de humanizar a superficie que rodea o edificio e mellorar as condicións de verquido e protección do cauce do regato Salón, segundo o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local o 16 de outubro de 2006.*

*Dacordo co informe do Enxeñeiro Municipal D. Benjamín Collazo Rodríguez que se achega, é necesario modificar a protección do cauce proxectada en forma de escolleira e trasladar o centro de mando e protección do bombeo a un novo armario de aceiro inoxidábel localizado noutro lugar do ámbito, más alonxado das zonas de paso; demolendo a actual caseta e mantendo o pozo de bombeo que por atoparse soterrado, non supón inconveniente visual nin para o aproveitamento do espazo.*

*O orzamento do proxecto adxudicado ascende a 177.789,40 Euros (execución contrata), o orzamento do proxecto modificado nº 1 ascende a 208.502,58 Euros (execución contrata), o que supón un incremento adicional líquido de 30.713,18 Euros (execución contrata).*

*Tendo en conta o indicado con anterioridade, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:*

***PROPOSTA:***

***1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 do Proxecto de Mellora do Entorno da Sociedade Helios (Bembrive) por un importe de 208.502,58 Euros, que supón un incremento adicional líquido de 30.713,18 Euros (execución contrata).***

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba o proxecto modificado nº 1 do Proxecto de Mellora do Entorno da Sociedade Helios (Bembrive) por un importe de 208.502,58 Euros, que supón un incremento adicional líquido de 30.713,18 Euros (execución contrata).

E sen ter más asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás trece horas e vinte e cinco minutos.  
Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.